

Antigamente coñeceuse esta parroquia co nome de Dayna, e así a expresa un Privilexio Real do Mosteiro de Oia de 27 de Xuño do ano 1140 e outros moitos documentos, aínda que coa variación entre eles de escribir uns Dayna, e outros Bayna. Cuxo Privilexio é unha doazón que o Emperador Dⁿ. Alfonso 7^o e a súa esposa D^a. Berenguela fixeron ao referido Mosteiro de varios Pobos e lugares, e entre eles de Dayna, Varedo e Vesasar. En Novembro de 1482 o S^{or}. Bispo de Tui Dⁿ. Diego de Muros uniu e anexou para sempre a presente parroquia a unha das Abadías de Baiona cando erixiu aquela Igrexa en Collexiata, e así seguiu unida a ela ata o 15 de Marzo de 1806 no que o S^{or}. Bispo de Tui Dⁿ. Xoán García Benito a consecuencia da Orde da R^l. Cámara de data de 7 de Setembro de 1805, e en vista do expediente que para iso mandou elaborar, volveuna a desmembrar, co seu anexo Varedo, da Abadía da Collexiata de Baiona, agregando ao Párroco de Baiña a terceira parte dos décimos e primicias desta e o seu anexo Varedo, ao Abade da citada Collexiata outra terceira parte, e aos Racioneiros da mesma a outra terceira restante: e a iso deu o Rei o seu asentimento o 7 de Agosto do propio ano 1806: e ata o 2 de febreiro de 1811 no que tomou posesión deste curato o seu novo e primeiro Abade párroco Dⁿ. Manuel Curiel estivo servido por tenentes curas. Dende tempo inmemorial venerou e venera Baiña por Patroa tutelar a Santa Mariña Virxe e Mártir galega (003), de quen celebran a festa o 18 de Xullo, e non a S^{ta}. María como escribiu o M. florez, e con el algúns outros. Habitana 149 veciños, que pertencen polo contencioso político e gubernativo á Xustiza de Baiona; Valen os seus décimos incluso os de Santa María de Varedo 26.400 reais, dos que leva actualmente o Párroco de aquí dúas nonas partes, unha nona o de Varedo, unha terceira parte enteira o Abade da Collexiata de Baiona, e a outra terceira restante os Racioneiros da mesma. O primeiro ten casa reitoral e igrexario de 7 ferrados de pan en semente. A fábrica da Igrexa percebe de renda anual 26 ferrados de trigo, 48 de centeo, 2 de miúdo, 8 de millo, e 168 reais con 29 marabedis. Este Beneficio é de presentación Real e Ordinaria. Atópase aquí o lugar de San Cosme onde estivo antigamente o Convento de Ermitáns de San Cosme e Damián, que despois se incorporou ao Mosteiro de Oia. Tamén pertence a esta parroquia o Arrabal do Burgo da Vila de Baiona súa Capela da Asunción de Nosa Señora e Santa Marta. Confina coa mar. Dista de Tui 3 leguas e cuarto. (ÁVILA Y LA CUEVA, 494-495).





Igrexa parroquial

FESTAS E ROMAXES DE BAIÑA

- Santa Mariña:
18 de Xullo.
- Asunción da Virxe:
16 de Agosto
- Romaría anual na
ermida do Burgo.



No capítulo 4º do presente tomo xa deixamos escrita a historia desta vila onde nos remitimos sobre o particular. Venera por Patroa tutelar a Sta. Maria Nosa Señora (011), cuxa festa lle celebran aquí o 25 de Marzo. Habitana 310 veciños, que corresponden polo contencioso político e governativo á Xustiza que hai no mesmo Pobo como cabeza que é de Xurisdicción e partido. Valen os seus décimos 4.500 reais, dos que leva o Rdo. Bispo de Tui a metade, e a outra metade o Cabido Colexiata desta Vila: cuxos Beneficiados non teñen casas propias en que habitar: a Súa provisión e presentación é pola orde que diremos adiante no tratado da predita Colexiata. É porto marítimo. Dista da capital Tui 3 leguas.

A Igrexa do Convento de San Francisco de Monte Real de Baiona é parroquia castrense con Vila bautismal para os militares da guarnición desta Praza, e o P. Gardián o Capelán ou Cura dela, con dotación que anualmente lle paga

